



BASES SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PROFESORES PARA A ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MEAÑO CURSO 2017-2018.

Primeira.- OBXECTO.-

É obxecto desta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, a selección e contratación laboral temporal a tempo parcial de profesores/as para a Escola Municipal de Música, no marco do artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a impartición das seguintes especialidades e profesores:

- 1 Música e movemento
- 2 Linguaxe musical
- 1 Coro
- 1 Guitarra
- 1 Saxofón
- 1 Bombardino/Tuba
- 1 Chelo
- 1 Fagot
- 1 Oboe
- 1 Trombón
- 1 Trompa
- 1 Inicio linguaxe musical
- 1 Frauta
- 1 Banda
- 1 Clarinete
- 1 Trompeta
- 1 Percusión
- 1 Piano

A xornada correspondente a cada profesor/a, non se poderá determinar ata o remate do proceso de matrícula do total do alumnado.

A impartición de cada especialidade e a efectividade da contratación estará en función de que o número de matriculados sexa suficiente para a formación do grupo.

Segunda.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será por obra ou servizo determinado a xornada parcial, cunha duración inicial de outubro a 31 de decembro 2017, sen prexuízo de que poida ser prorrogado ata o remate da prestación destes servizos co curso 2017-2018, o 30 de xuño de 2018, ao abeiro do Orzamento 2017-2018.

Terceira.- RETRIBUCIÓNS

As retribucións serán as establecidas no Presuposto Municipal, sen prexuízo do que se estableza na lexislación básica estatal que se dicte ao amparo do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

A xornada, ao longo da duración do contrato, poderá verse modificada en función das necesidades do servizo modificándose proporcionalmente as retribucións.

Cuarta.- REQUISITOS.-



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

1.- Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a).- Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto do Empregado Público, ou ser estranxeiro con permiso de residencia e traballo en vigor.

b).-Ser maior de 18 anos de idade e non haber alcanzado a idade de xubilación forzosa.

c).-Estar en posesión do Título de Grao Profesional para as diferentes especialidades instrumentais ou cursando Grado Superior coa especialidade específica a que se opta. Para as especialidades de música e movemento e iniciación a linguaxe musical deberá estar en posesión do Título de Grado Profesional ou contar co título de Diplomado en Mestre en Educación musical.

d).- Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

e).-Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

f).-Ter capacidade funcional para os desempeño das tarefas.

g) Non padecer enfermidade ou defecto físico que o imposibilite para o desempeño das funcións correspondentes o posto.

h) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

2.- Os aspirantes deberán reunir tódolos requisitos esixidos no punto anterior o día que finalice o prazo para presentar as solicitudes.

Quinta.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán facer constar mediante unha instancia dirixida á Sra. alcaldesa-presidenta do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do posto de traballo convocado ó que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- Para ser admitidas no proceso selectivo as persoas que desexen tomar parte no mesmo, deben aboar o importe de 5,00 € en concepto de dereito de participación, no período de presentación de instancias na conta bancaria do Concello de Meaño aberta en ABANCA nº ES03 2080 5044 31 3040001099.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com



3.- O prazo de presentación de instancias é de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

4.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa Consistorial de Meaño sita na R/campo da Feira nº 1 (Meaño), ben en calquera das formas establecidas no art. 14.6, da Lei 39/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos antes de seren certificadas. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán comunicalo por telegrama, fax, ao número 986747391 ou por correo electrónico á concellodemearno@concellodemearno.com no mesmo día da súa presentación.

O Concello facilitará o modelo de solicitude aos interesados que a soliciten podendo tamén obterse na páxina Web do Concello www.concellodemearno.com

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- * Fotocopia compulsada do DNI.
- * Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- * Xustificación de ter aboado os dereitos de participación (O aboamento efectuarase dentro do prazo de presentación de instancias, non subsanable).
- * Fotocopia compulsada da experiencia profesional, a formación, os títulos e méritos que se alegen.
- * Acreditación de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizalas funcións propias a desenvolver.
- * Declaración responsable sobre a ausencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.
- * Documentación acreditativa de dispoñer do GELGA4, para acadar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados ou xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que sexan necesarios para valorar os méritos que se refiren.

Sexta.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Concello dictará resolución coa lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos ou omitidos disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder enmendar, si é enmendable, o defecto que motiva a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións dictarase unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e aprobando a lista definitiva que se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello. Xunto coa lista definitiva sinalarase o día e hora da



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

reunión da Comisión de Valoración para a súa constitución e data de realización das sucesivas probas.

Sétima.- PROCEDIMIENTO SELECTIVO.-

O procedemento selectivo será concurso, proba práctica (segundo a praza a que se opte) e entrevista.

FASE DE CONCURSO: Valoraránse os seguintes méritos:

A.- Experiencia Profesional.:

A puntuación máxima será de 2 puntos.

-Por haber prestado servizos como profesor/a ou formador/a musical en Escolas de Música ou similares dependentes e xestionadas directamente por Concellos ou outras administracións públicas mediante unha relación laboral contractual: 0,08 puntos por cada mes traballado dende 1 ata 5 h. Semanais; 0,10 puntos por cada mes traballado dende 6 ata 10 horas semanais; 0,12 por mes traballado de máis de 10 horas semanais, non computándose fraccións inferiores a meses completos.

-Por haber prestado servizos como profesor/a ou formador/a musical en Escolas de Música ou similares dependentes de Concellos ou outras administracións públicas e xestionadas por empresas privadas ou en centros privados mediante unha relación laboral contractual: 0,06 puntos por cada mes traballado dende 1 ata 5 h. semanais; 0,08 puntos por cada mes traballado dende 6 ata 10 h. semanais; 0,10 por mes traballado de máis de 10 h semanais, non computándose fraccións inferiores a meses completos.

A experiencia profesional deberase acreditar mediante orixinais ou copia compulsada de:

- * contratos de traballo xunto co informe de vida laboral
- * certificados de empresa no que conste a ocupación para a que foi contratado, a data de inicio e fin da contratación, así como o tipo de xornada entre outros datos.

Na documentación presentada deberán quedar constatadas as funcións desempeñadas no periodo de contratación, as cales, podrán tamen acreditarse mediante un certificado no que se describan as mesmas.

Non se valorará nin se terá en conta aquela experiencia profesional que non se axuste o disposto neste apartado.

B.-Formación

B.1.- Académicos: A puntuación máxima será de 1 punto

- Por estar en posesión do título de Grado Superior: 1 punto
- Por estar en posesión do título de Diplomado Mestre en educación musical: 1 punto

Si algunha destas titulacións foi tida en conta para os efectos da admisión non será valorada.

B.2.- Formación complementaria:

B.2.1.- Masters: a puntuación máxima será de 1 punto

Por ter asistido a masters organizados, impartidos ou homologados por institucións ou organismos oficiais, universidades, colexios oficiais relacionados co obxecto da prestación:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com



De duración igual a un ano: 0,5 puntos

De duración igual a dous anos: 1 punto

Cando estes masters sexán organizados, impartidos ou homologados por institucións ou organismos oficiais, universidades, colexios oficiais con residencia no estranxeiro deberá achegarse xunto coa certificación acreditativa de telo realizado certificado da tradución do mesmo expedida por traductor oficial, en caso contrario nos serán valorados.

B.2.2.- Cursos: a puntuación máxima será de 2 puntos.

Por ter asistido a cursos, en calidade de activo, organizados, impartidos ou homologados por institucións ou organismos oficiais, sindicatos, universidades, colexios oficiais ou escolas e administracións públicas, relacionados co obxecto da prestación:

De duración igual ou superior a 50 horas: 0,40 puntos

De duración igual ou superior a 40 horas: 0,30 puntos

De duración igual ou superior a 20 horas: 0,20 puntos

De duración igual ou superior a 10 horas: 0,10 puntos

B.2.3.- Coñecemento do idioma galego:

- Por ter acreditado o nivel Celga 4, equivalente ou superior: 0,80 puntos.

A puntuación máxima deste apartado será de 0,80 puntos.

Estes méritos deberán acreditarse mediante orixinal ou fotocopia debidamente compulsada do Diploma ou Certificación onde conste a denominación do curso e o número de horas deste.

Valorados os méritos pola comisión de valoración, publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello.

FASE PRÁCTICA:

A fase práctica constará dos seguintes exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirán na realización das seguintes probas:

a) Proba Instrumental

Os candidatos que se presenten a convocatorias de praza de instrumento e coro serán citados para a proba instrumental a través de publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as candidatos/as deberán vir provistos de fotocopia de dúas obras de diferentes estilos.

A proba instrumental é de carácter obrigatorio e eliminatorio, valorarase de 0 a 3 puntos. Para superar este exercicio será preciso acadar un mínimo de 1,5 puntos

b) Proba Didáctica

Os/as candidatos/as que se presenten as convocatorias de praza nas especialidades de Música e Movemento, Inicio a Linguaxe Musical e Linguaxe Musical, Armonía e Analise e Banda terán que traer preparada a impartición dunha clase para explicarlle aos membros do tribunal nun período de 3 minutos.

Esta programación deberana traer impresa o día da proba e quedará en poder do tribunal.



A proba didáctica é de carácter obrigatorio e eliminatoria, valorarase de 0 a 3 puntos. Para superar este exercicio será preciso acadar un mínimo de 1,5 puntos

c) Proba de coñecemento do idioma galego:

Obrigatorio e non eliminatorio, para os aspirantes que non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego Celga 4, equivalente ou superior, que consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 10 minutos. Neste exercicio valorarase a corrección fonética, gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a cero con oito (0,8) puntos.

ENTREVISTA:

A entrevista é de carácter obrigatorio, e versará sobre o coñecemento do posto ó que optan, programación, funcionamento dunha escola de música, experiencia e dispoñibilidade. Valoración máxima da entrevista: 1 punto.

Oitava. PUNTUACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.-

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, probas e entrevista, de acordo co baremo establecido nas bases. A comisión de valoracións relacionará aos aspirantes por orde decrecente da puntuación final obtida e propoñerá á Sra. alcaldesa a contratación dos/as aspirantes que acaden a maior puntuación final. Se o candidato non estivese dispoñible no intre da formalización do contrato procederá de forma sucesivamente por orde decrecente de puntuación.

As puntuacións serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello.

Novena.- LISTA DE RESERVA.-

Os candidatos que non obtivesen a puntuación suficiente para ser propostos para a contratación quedarán nunha lista de reserva pola orde da puntuación acadada para cada praza e determinará a orde de contratación sucesivamente por orde decrecente de puntuación, de resultar preciso o longo do Curso 2017-2018

Décima.- FUNCÍONS DE DIRECCIÓN DA ESCOLA DA MÚSICA.-

Unha vez publicadas as puntuación finais abrirase un período de tres días hábiles para a presentación de instancias para poder optar a desempeñar as funcións de dirección da Escola da Música.

Poderán optar ao desempeño das funcións de dirección da Escola de Música os/as candidatos/as que acaden as cinco puntuacións finais máis altas e reúnan os seguinte requisitos:

- Dispoñer de título superior de música



- Haber prestado servizo na Escola de Música Municipal de Meaño como mínimo durante 3 cursos, consecutivos ou alternos.

A selección efectuarase mediante:

Valoración de Proxecto educativo para o funcionamento da Escola de Música de Meaño que deberán presentar os candidatos e que conterà como mínimo: Obxectivos e calendario do centro, distribución horaria de asignaturas (nº de horas semana e mes), relación de asignaturas, planos de estudos das especialidades (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) e planos especiais de preparación para o acceso ó ensino regrado. Puntuación de 0 a 5 puntos.

Será proposto para as funcións de dirección o/a candidato/a que acade a puntuación máis alta.

Undécima.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.-

Tanto para a selección dos profesores das distintas especialidades como para a selección do director/a da Escola de Música, constituirase unha comisión que estará integrada por PRESIDENTE/A .- Informadora Xuvenil D^a Cristina García González, suplente Ana M^a Alonso Robledo, Educadora Familiar SECRETARIA.- A Secretaria-Interventora do Concello D^a M^a Teresa Escudero Barral, suplente D^a Pastora Castro Lema, Auxiliar Administrativa do Concello. VOCAIS.- Dous funcionarios ou laborais fixos doutras administracións relacionados con esta materia e a Axente de Emprego e Desenvolvemento Local D^a Isabel Amil Núñez; suplente Trinidad Lorenzo Lema.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 39/2015 ou no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal nos termos establecidos na Lei 39/2015.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

O tribunal poderá asesorarse polo técnicos que considere conveniente, que actuará con voz pero sen voto.

Duodécima.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E INCIDENCIAS.

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe sometemento expreso dos aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Trixésima- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase ás persoas interesadas a participar neste proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados será incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal, e se lles reconece a posibilidade de exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Meaño.

Os interesados autorizan ao Concello de Meaño a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como a publicación dos mesmos os taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados



Meaño, 27 de xuño de 2017
A alcaldesa

Asdo: Mª Lourdes Ucha Varela

Dilixencia: As presentes Bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión de data 4 de xullo de 2017.



Meaño, 4 de xullo de 2017
A Secretaria-Interventora

Asdo: Mª Teresa Escudero Barral